

Addenda ao acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a coordinación das ofertas de formación profesional nos centros que impartan ensinanzas de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2024

REUNIDOS

Dunha parte, don Román Rodríguez González, conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, nomeado mediante o Decreto 60/2022, do 15 de maio (DOG núm. 94, do 16 de maio).

E doutra, dona Elena Rivo López, conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade da Xunta de Galicia, nomeada polo Decreto 68/2023, do 14 de xuño (DOG núm. 113, do 15 de xuño).

Interveñen en representación dos seus respectivos cargos e, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

EXPOÑEN

Primeiro. O 29 de decembro de 2023 se asinou o acordo de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a coordinación das ofertas de formación profesional nos centros que impartan ensinanzas de formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. O 24 de febreiro de 2024 se publicou no BOE o Real Decreto 143/2024, do 6 de febreiro, polo que se establece o curso de especialización de formación profesional de grao superior en Posicionamento en buscadores (SEO/SEM) e Comunicación en redes sociais, e se fixan os aspectos básicos do currículo e se modifican o Real Decreto 546/2023, do 27 de xuño, e o Real Decreto 569/2023, do 4 de xullo.

Terceiro. O antedito texto legal recolle a derogación dos certificados profesionais de “Soldadura con eléctrodo revestido e TIG” e de “Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG”, con efectos do 15 de marzo de 2024.

Así mesmo, a norma establece as seguintes equivalencias:

Certificados profesionais que se derrogan	Certificados profesionais equivalentes
Soldadura con eléctrodo revestido e TIG (FMEC0110)	Soldadura por arco baixo gas protector con eléctrodo non consumible, soldaxe TIG (FMEC0219_2)
Soldadura oxigás e soldadura MIG/MAG (FMEC0210)	Soldadura por arco baixo gas protector con eléctrodo consumible, soldaxe MIG/MAG (FMEC0119_2)

Cuarto. En virtude da cláusula décimo novena do acordo de colaboración, o día 26 de marzo de 2024 tivo lugar unha sesión da comisión de seguimento, control e supervisión entre os representantes das consellerías asinantes, na que se acordou autorizar aos centros educativos que tiñan aprobado no anexo I do acordo algún dos certificados profesionais que se derrogan e aínda non comezaran a formación, a realización das especialidades equivalentes.

Así mesmo, logo da solicitude do CIFP Portovello e debido á dificultade de atopar persoas coa titulación requirida para o acceso, permitírase a substitución dos certificados profesionais “Actividades de xestión administrativa (ADGD0308)” e “Actividades de venda (COMV0108)”, de nivel 2, asignados ao centro no anexo I do acordo de colaboración, polo certificado profesional “Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais”, con código ADGG0408, de nivel 1.

En consecuencia, ambas consellerías subscriben esta addenda, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto da addenda

A addenda ao acordo de colaboración subscrito entre a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e a Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade ten por obxecto:

I. Modificar o anexo I no sentido de:

- Autorizar a impartición das accións formativas conducentes á obtención dos novos certificados profesionais nos centros educativos seguintes:

Provincia	Centro	Código do certificado	Certificado
A Coruña	IES Plurilingüe Castro da Uz	FMEC0119_2	Soldadura por arco baixo gas protector con eléctrodo consumible, soldaxe MIG/MAG
A Coruña	CIFP Politécnico de Santiago	FMEC0219_2	Soldadura por arco baixo gas protector con eléctrodo non consumible, soldaxe TIG
Lugo	CIFP As Mercedes	FMEC0219_2	Soldadura por arco baixo gas protector con eléctrodo non consumible, soldaxe TIG
Pontevedra	IES Marco do Camballón	FMEC0219_2	Soldadura por arco baixo gas protector con eléctrodo non consumible, soldaxe TIG

- Adecuar o importe das accións formativas, debido á minoración no número de horas de impartición, resultando, por conseguinte, as seguintes cantidades:

Código do certificado	Certificado	Horas	Importe total
FMEC0219_2	Soldadura por arco baixo gas protector con eléctrodo non consumible, soldaxe TIG	490	46.751,40 €
FMEC0119_2	Soldadura por arco baixo gas protector con eléctrodo consumible, soldaxe MIG/MAG	490	46.586,70 €

- Autorizar ao CIFP Portovello a que substitúa os certificados profesionais "Actividades de xestión administrativa (ADGD0308)" e "Actividades de venda (COMV0108)", de nivel 2, polo certificado profesional "Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais", con código ADGG0408, de nivel 1, de acordo cos datos que figura na táboa seguinte:

Código de certificado	Certificado	Horas	Importe total
ADGG0408	Operacións auxiliares de servizos administrativos e xerais	430	32.415,30 €

II. Modificar o anexo II no sentido de:

- Substituír os certificados profesionais derrogados por aqueles equivalentes, como especialidades formativas nas que é obrigatorio o curso básico de prevención de riscos laborais.

Segunda. Mantemento do resto do clausulado do acordo de colaboración

En todo o non previsto nin expresamente modificado neste addenda, seguirá en vigor e será de aplicación o acordo de colaboración suscrito o día 29 de decembro de 2023.

Lida a addenda, atópana conforme e asínana no lugar e na data indicados no encabezamento.

O conselleiro de Cultura, Educación,
Formación Profesional e Universidades



O CONSELLERO
Román Rodríguez González

A conselleira de Promoción do Emprego e
Igualdade



CONSELLERA
Elena Rivo López